



Xoán Xesús Carril, Portavoz Municipal do BNG no Concello de Arzúa, ao abeiro da normativa vixente formula as seguintes PREGUNTAS ao goberno municipal do Concello de Arzúa:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

En data 9 de maio de 2020 foi aprobada a Orde SND/399/2020, do Ministerio de Sanidade, pola que se flexibilizan determinadas restricións establecidas trala declaración do estado de alarma, toda vez que na Galiza entramos na fase 1, atendendo ao “Plan para a transición cara unha nova normalidade” aprobado polo Goberno do Estado, e no que se determinan as condicións para a reapertura ao público e o desenvolvemento das actividades de establecementos e locais comerciais minoristas e de prestación de servizos asimiliados, así como das de hostalería e restauración.

En concreto, no seu artigo 14 establécense unha serie de medidas en materia de aforo para os establecementos e locais abertos ao público e no Capítulo IV regúlense as condicións para a reapertura ao público de terrazas dos establecementos de hostalería e restauración. Así, en virtude do seu artigo 15 queda autorizada a reapertura ao público das terrazas dos establecementos de hostalería e restauración limitándose ao 50% das mesas permitidas no ano inmediatamente anterior en base á correspondente licenza municipal, debendo en todo caso asegurarse que se mantén a debida distancia física de polo menos dous metros entre as mesas ou, no seu caso, agrupacións de mesas, e no caso de que o establecemento de hostalería e restauración obtivese o permiso do Concello para incrementar a superficie destinada á terraza, poderanse incrementar o número de mesas previsto, respectando, en todo caso, a proporción do 50% entre mesas e superficie dispoñíbel e levando a cabo un incremento proporcional do espazo peonil no mesmo tramo da vía pública no que se sitúe a terraza.

Desde o BNG entendemos que o apoio de todas as administracións públicas vai ser fundamental para a reactivación da economía local, que no concello de Arzúa baséase, en boa parte, no sector da hostalería, e que esta reactivación debe ser en todo momento escrupulosa co mantemento da saúde pública.

É por isto que desde o Grupo Municipal do BNG formulamos ao goberno municipal do Concello de Arzúa as seguintes **PREGUNTAS**, solicitando que, no caso de non térense iniciado ningunha destas actuacións se proceda á súa valoración e aplicación, en aras da necesaria reactivación económica e de apoio ao sector hostaleiro de Arzúa nesta crise propiciada pola COVID19:

**1. Que actuacións está a desenvolver o Concello de Arzúa encamiñadas a autorizar, con carácter excepcional e temporal, a ocupación do dominio público coas terrazas vinculadas a establecementos de hostalería que contén coa correspondente autorización para o ano 2019, en aras de que poidan cumprir co establecido na a Orde SND/399/2020, do Ministerio de Sanidade, no que atinxe á porcentaxe de mesas autorizadas que se poidan instalar e a ocupación e distancia física entre mesas ou agrupación de mesas a respectar?**

**2. Que actuacións está a desenvolver o Concello de Arzúa encamiñadas a que as e os titulares de establecementos de hostalería con título habilitante para o exercicio da actividade no incursos no apartado anterior (sen autorización para a ocupación do dominio público con terraza durante o ano 2019), poidan solicitar, excepcionalmente, a ocupación temporal do dominio público con terraza vinculada á súa actividade de hostalería?**

**3. Que actuacións está a desenvolver o Concello de Arzúa encamiñadas a que os establecementos hostaleiros poidan obter, de acordo coa Orde SND/399/2020, do Ministerio de Sanidade, permiso do Concello para incrementar a superficie destinada á terraza ou incremento do número de mesas previsto?**

En Arzúa, a 13 de maio do 2020.

Asdo. Xoán Xesús Carril Ramos

Portavoz do Grupo Municipal do BNG en Arzúa